

Justificado en el cuadro anterior y en plano Nº 8 de propuesta de ordenación el cumplimiento de no sobrepasar en edificabilidad computable los 5.250 m², en el futuro proyecto de ejecución, debido al encaje de usos y distribuciones del mismo, podrán existir pequeñas desviaciones de edificabilidad por planta, siempre que, acumulada la superficie computable del edificio, no supere los 5.250 m².

La altura de cornisa es la determinada por el PEPRI para esta Ordenanza (artículo 99), es decir, 15,60 m para edificación de planta baja más cuatro pisos y 18,70 m. para edificación de planta baja más cinco pisos. En todo lo no especificado en la presente modificación puntual será de aplicación el PEPRI y el PXOM de Lugo.

La justificación del cumplimiento de las Normas de Habitabilidad se realizará a la hora de desarrollar el Proyecto de Ejecución. En lo relativo a la condición de vivienda exterior se cumplirá lo exigido por el PEPRI, y que se transcribe a continuación: "vivienda exterior es la que cumple la condición de tener al menos 4 m. de longitud de fachada correspondiente a piezas habitables con huecos a una calle o plaza. No son piezas habitables los aseos, cuartos de baño, despensas y, en general, las piezas menores de 5 m². Se considerarán también exteriores aquellas edificaciones con frentes menores sujetas a protección de la estructura parcelaria, en este caso bastará con poseer una pieza habitable con huecos a una calle o plaza."

La aprobación de esta Modificación Puntual no supondrá impedimento para que en la fase de licencia de proyecto de edificación se pueda producir la agregación de parcelas colindantes a la manzana 214A, cumpliéndose en cada parcela la normativa que le sea de aplicación."

Lugo, 18 de xullo de 2019.- A Alcadesa, P.D. O Concelleiro Delegado de Urbanismo Sostible, (Decreto número 19005695), Miguel A. Couto Alonso.- O Secretario Seral do Pleno, Justo Díaz Rodríguez.

R. 2310

Anuncio

A través de Decreto número 19005551 aprobase o padrón correspondente ás taxas pola prestación do servizo de xantar no fogar correspondentes ao mes de maio de 2019, que se expoñen ao público no Servizo de Servizos Sociais, sito na Ronda da Muralla, 197, durante o prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante ó órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fixase nun mes dende a aprobación da correspondente taxa: dende o día 12 de xullo ata o día 12 de agosto de 2019 (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 9 de xullo de 2019 A Concelleira Delegada de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores (Decreto 19005684 do 01/07/2019, modificado polo Decreto 19005695 do 03/07/2019) Olga López Racamonde.

R. 2324

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

CONVOCATORIA DE PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER DE URXENCIA DE DOUS AUXILIARES ADMINISTRATIVOS, UN OFICIAL PARA O SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE, UN OFICIAL ELÉCTRICO NO MARCO DO PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO 2019 DA EXCELENTEÍSIMA DEPUTACIÓN DE LUGO .

Por resolución da alcaldía data 11 de xullo de 2019 aprobáronse as bases das convocatorias indicadas.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte nos indicados procesos selectivos deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de (www.monfortedelemos.es).

A presentación das solicitude farase no Rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento

administrativo común, no prazo de DEZ (10) días naturais dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Se as instancias non son presentadas no rexistro do Concello os aspirantes deberán comunicalo o mesmo día da presentación ben por fax (982404812) Ou o correo electrónico rrhh@concellodemonforte.com o a este Concello.

As bases poden ser consultadas na web municipal (www.monfortedelemos.es) e no taboleiro de anuncios.

Monforte de Lemos, 15 de xullo de 2019.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 2256

RIBADEO

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 03 de xuño de 2019 o Padrón para o cobro conxunto das taxas por subministro de augas, recolleita de lixo e sumidoiros para o bimestre Maio-Xuño de 2019, expone ao público a efectos de exáme e reclamacións por prazo de 15 días hábiles, e queda aberto o prazo de cobro en vía voluntaria por prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no B.O.P.

Ribadeo, Fernando Suárez Barcia, O Alcalde, Fernando Suárez Barcia.

R. 2311

RIBAS DE SIL

Anuncio

APROBACIÓN DAS RETRIBUCIÓNNS E INDEMNIZACIÓNNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN, DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO

De conformidade co disposto no artigo 75 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada pola Lei 14/2000, de 28 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social, e en concordancia co artigo 13 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Régime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo RD 2568/1986 do 28 de novembro, onde se establece que os membros das Corporacións locais teñen dereito a percibir retribucións polo exercicio do seu cargo cando o desempeñen en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, en concepto de asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos cales formen parte así como indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo.

Visto o disposto na normativa vixente, o Pleno do Concello de Ribas de Sil prestou aprobación ao seguinte acordo con voto favorable do concelleiros do grupo municipal socialista (5) e a abstención dos concelleiros do grupo municipal popular (2):

PRIMEIRO.- Modificación Cargos con dedicación parcial.

Réxime acordado no Plenario 27.06.2019:

- Concellera delegada de Asuntos Sociais, Familia e Terceira Idade; dedicación parcial ao 50 % de xornada dentro dos límites da lei de orzamentos xerais do estado para o 2018, actualmente prorrogados para o 2019. Esta adicación ao 50 % acada o límite de 22.778,63 €/ano (14 pagas). Faise constar que esta adicación de 1627,04 €/mes brutos, se prevé para 3 meses neste ano 2019, e comezarase a aboar no momento en que se habilite o crédito adecuado e suficiente para o seu libramento.

Este Réxime publicado proponse sexa modificado co seguinte literal:

Concellera delegada de Asuntos Sociais, Familia e Terceira Idade; dedicación parcial ao 25 % de xornada dentro dos límites da lei de orzamentos xerais do estado para o 2018, actualmente prorrogados para o 2019. Esta adicación ao 25 % fíxase dentro do límite da LPXE (15.531,53 €) e fíxase no importe de 8.400,00 €/ano brutos (14 pagas), e comezarase a aboar no momento en que se habilite o crédito adecuado e suficiente para o seu libramento.

SEGUNDO.- Solicitar á Tesourería da Seguridade Social a Alta da Concellera delegada de Asuntos Sociais, Familia e Terceira Idade dende aprobación plenaria das dedicacións, asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da seguridade social impoñen ás Empresas en relación coa traballadora ó seu servizo, asumindo a corporación o pago da cota empresarial correspondente.

TERCEIRO.- Ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios da Corporación.

CUARTO.- Que queden derogados Decretos, acordos resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo.